

Enquisa de ocupación hoteleira, estatística de ocupación no turismo rural. Marzo 2005

COMUNICADO

Crecemento en marzo de 2005 das pernoitas en establecementos hoteleiros e nas casas de turismo rural.

O número de pernoitas en establecementos hoteleiros creceu un 15,7% e o de viaxeiros entrados un 13,4% en marzo de 2005 sobre o mesmo mes do ano anterior.

Segundo os datos da enquisa de ocupación hoteleira, o número de pernoitas nos establecementos hoteleiros, que ascendeu a 497.760, rexistrou unha taxa de variación interanual do 15,7% en marzo de 2005. En termos de datos corrixidos de efecto calendario, que neste mes corrixe o efecto do período vacacional da Semana Santa, o crecemento situouse no -4,5%. No que vai de ano, o crecemento foi dun 4,1% que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun -3,9%.

O grao de ocupación por prazas foi dun 29,9% en marzo de 2005, que significa un crecemento do 10,1% con respecto ao de marzo de 2004.

O número de viaxeiros entrados en establecementos hoteleiros de Galicia en marzo de 2005 foi de 242.165, o que supón un aumento do 13,4% con respecto ós entrados en marzo de 2004. Esta taxa de variación convértese nun -2,7% se os datos se corrixen de efecto calendario. No que vai de ano, o crecemento foi dun 3,6% que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun -2,8%.

Segundo a procedencia dos viaxeiros, os residentes en España, que supuxeron máis dun 88%, creceron un 12,3% mentres que os residentes no resto do mundo aumentaron un 21,9%.

Enquisa de ocupación hoteleira. Marzo 2005.

Datos provisionais

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Viaxeiros entrados	242.165	13,4%	3,6%
Pernoitas	497.760	15,7%	4,1%
Grao de ocupación	29,9	10,1%	0,5%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Viaxeiros entrados		-2,7%	-2,8%
Pernoitas		-4,5%	-3,9%

FONTE: IGE, INE Enquisa de ocupación hoteleira

O número de pernoitas en casas de turismo rural creceu un 82,2% e o de viaxeiros entrados un 41,6% en marzo de 2005 sobre o mesmo mes do ano anterior.

Segundo a estatística de ocupación no turismo rural, o número de pernoitas nos establecementos de turismo rural, que se situou en 24.336, rexistrou unha taxa de variación interanual do 82,2% en marzo de 2005, como consecuencia da Semana Santa. En termos de datos corrixidos de efecto calendario, a taxa interanual de marzo de 2005 situouse no -11,4%. No que vai de ano, o crecemento foi dun 24,6% que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun -13,5%.

O grao de ocupación por prazas foi dun 14,7% en marzo de 2005, cunha taxa de variación do 68,3% con respecto ó rexistrado en marzo de 2004.

O número de viaxeiros entrados neste tipo de establecementos en Galicia en marzo de 2005 foi un 41,6% superior ós entrados en marzo de 2004. Esta taxa de variación convértese nun -16,3% se os datos se corrixen en termos de efecto calendario. No que vai de ano, o crecemento foi dun 7,7% que en datos corrixidos de efecto calendario se sitúa nun -15,6%.


Segundo a procedencia dos viaxeiros, os residentes en España supuxeron máis do 96% do total. Os galegos foron case o 64% do total.

Estadística de ocupación no turismo rural. Marzo 2005. Datos provisionais.


	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Viaxeiros entrados	11.153	41,6%	7,7%
Pernoitas	24.336	82,2%	24,6%
Grao de ocupación	14,7	68,3%	16,2%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Viaxeiros entrados		-16,3%	-15,6%
Pernoitas		-11,4%	-13,5%

FONTE: IGE, INE. Estadística de ocupación no turismo rural

Nos seguintes gráfico pódense observar as variación interanuais dos viaxeiros entrados e das pernoitas en ámbalas dúas estatísticas.



FONTE: IGE, INE. Enquisa de ocupación hoteleira



FONTE: IGE, INE. Estatística de ocupación no turismo rural



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es